

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 12 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

- 1.1 29971 (10/PNC-002402)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a xestión que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cobertura de prazas durante as baixas e vacacións do persoal nos centros de atención primaria, así como con dotar o Centro de Saúde do Temple, no concello de Cambre, dun pediatra en rolda de tarde e dun fisioterapeuta
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018
- 1.2 30188 (10/PNC-002429)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa localización das actividades enmarcadas no programa Lidera e as que viñan desenvolvendo as casas da xuventude dependentes dela, así como a xestión e funcionamento da Casa da Xuventude de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 301, do 08.05.2018
- 1.3 30397 (10/PNC-002447)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei xeral da Seguridade Social co fin de considerar en situación de incapacidade permanente as persoas diagnosticadas de carcinoma ou de calquera outra enfermidade grave, así como o recoñecemento do dereito das persoas beneficiarias á reserva do posto de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 301, do 08.05.2018
- 1.4 30783 (10/PNC-002478)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018
- 1.5 32598 (10/PNC-002665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa publicación das resolucións de concursos relativos a persoal da Consellería de Sanidade, e os datos referidos á reserva de prazas para as persoas con discapacidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018

- 1.6 32798 (10/PNC-002681)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre a garantía polo Goberno galego do acceso á Tarxeta Benvida para todas as persoas inmigrantes residentes en Galicia en situación de irregularidade administrativa que cumpran os requisitos establecidos para ese fin na orde que regula esas axudas

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 04/07/2018 16:37:36

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 29971(10/PNC-002402)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a xestión que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cobertura de prazas durante as baixas e vacacións do persoal nos centros de atención primaria, así como con dotar o Centro de Saúde do Temple, no concello de Cambre, dun pediatra en rolda de tarde e dun fisioterapeuta

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria no Servizo Galego de Saúde, empeza a ter deficiencias de carácter estrutural, con incrementos na lista de espera para ter unha cita e cun persoal cada vez máis saturado, o que repercute non só nas condicións laborais do persoal si non tamén na calidade asistencial da propia sanidade.

No Concello de Cambre, pese a que a Xunta inaugurou en plena campaña electoral un novo centro de saúde na parroquia do Temple, nunca chegou a dotalo de suficiente persoal que puidese facer fronte a demanda poboación non só do Concello de Cambre, si non tamén de Carral, cun Servizo de Atención Primaria que da asistencia a máis de 30.000 usuarias/os.

A falta de facultativos de pediatría e fisioterapia, unida á incapacidade da Xunta en xestionar de xeito eficaz a cobertura de prazas en caso de baixas ou vacacións, provocan situación de colapso que repercuten directamente na cobertura sanitaria.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29971
Data envío: 24/04/2018 19:14:32.717



- Xestionar de xeito eficaz a cobertura de prazas durante baixas ou vacacións.
- Dotar o Centro de Saúde do Temple dun/dunha pediatra en turno de tarde.
- Dotar o Centro de Saúde do Temple dun/dunha fisioterapeuta.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 24/04/2018 19:03:22

Luis Villares Naveira na data 24/04/2018 19:03:33

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 30188(10/PNC-002429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa localización das actividades enmarcadas no programa Lidera e as que viñan desenvolvendo as casas da xuventude dependentes dela, así como a xestión e funcionamento da Casa da Xuventude de Ourense

Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A rede de Espazos Emprende, iniciativa enmarcada no programa Lidera (Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento novo transfronteirizo), inclúe os centros de Curtis, Noia, Pontedeume, Betanzos, Carballo, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Vilagarcía de Arousa e Ourense, así como as oficinas transfronteirizas de Información Xuvenil Galicia – Norte de Portugal de Verín e Tui xa que esta rede abarca tamén o desenvolvemento económico transfronteirizo.

O proxecto Lidera foi aprobado ao amparo do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP) co obxectivo de promover o desenvolvemento económico transfronteirizo a través das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos do territorio. Conta cun orzamento de 1.428.692, 93 euros e unha duración de catro anos (2016-2019).

Recentemente coñecíamos a intención da Xunta de Galicia de transformar os actuais Centros Xove ou Casas da Xuventude en Espazos Emprende, co obxectivo segundo se afirma dende o Goberno galego, de que a mocidade poida crear e desenvolver iniciativas innovadoras e emprendedoras. A iniciativa, enmarcada no programa Lidera, presentouse o 26 de marzo no Espazo Xove de Ourense pola directora xeral de Mocidade, Participación e Voluntariado. A responsable do departamento autonómico afirmou que o obxectivo destes novos espazos públicos, vai ser “tecer unha rede de apoio á empregabilidade da poboación xuvenil impulsando o espírito empresarial”. O certo é que o motivo real da incursión destes programas nas Casas das Xuventude, non é máis que o de baleiralos do



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

espírito crítico da mocidade, limitando a actividade do asociacionismo xuvenil, ademais do de desprazar moitas actividades culturais que se veñen desenvolvendo nestes centros.

Un claro exemplo da política de desmantelamento destes centros foi o que aconteceu na Casa da Xuventude de Ourense dende a chegada de Feijoo ao Goberno galego. Este punto emblemático da cidade foi durante moitos anos o gran espazo dinamizador da cultura de Ourense, de xeito especial entre a mocidade. Fundada en 1970, a segunda máis antiga de España, foi sobre todo a partir de 1978 coa chegada á dirección de Benito Losada cando viviu os seus mellores tempos, cunha grande actividade e, ademais, un funcionamento baseado na liberdade, na democracia e na participación da mocidade. Nas súas salas desenvolvéronse iniciativas de traxectoria consolidada e con repercusión en toda Galicia, coma as Xornadas de Banda Deseñada, o Outono Fotográfico, o Maio Xove, ou a Bienal de Caricatura.

No ano 2011, tralo pasamento do seu director, a Xunta de Galicia designou como directora a Mercedes Valeiras, que accedeu a este posto a través dun concurso público aberto cheo de irregularidades. Un recurso xudicial desautorizou este nomeamento, e apartou da dirección a Valeiras, que foi nomeada “coordinadora de actividades”, posto que exerce dende entón.

Neste tempo a actividade da Casa, que mesmo mudou o seu nome polo de *Espazo Xove*, permanece practicamente bloqueada, cunha excesiva burocratización, redución dos seus espazos e servizos, e un gran control político das súas actividades.

Outra das medidas tomadas pola Xunta de Galicia para baleirar do contido que tivera ata ese momento A Casa e convertelo nun edificio administrativo máis, foi situar nas súas instalacións o Punto de Encontro Familiar (PEF).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Relocalizar as actividades enmarcadas no programa Lidera, nos centros de emprendemento destinados a tal fin.
2. Manter e impulsar as actividades que ata o de agora se viñan realizando nas Casas da Xuventude dependentes da Xunta de Galicia.
3. Comprometerse a mellorar a xestión da Casa da Xuventude de Ourense para que esta recupere o seu funcionamento orixinal baseado na liberdade, na democracia e na participación da mocidade, tomando a lo menos as seguintes medidas:
 - 3.1 Manter e impulsar as actividades que ata o de agora se viñan desempeñando neste espazo.
 - 3.2 Recuperar o esquema de funcionamento da entidade, suprimindo o posto de coordinadora de actividades da Casa da Xuventude de Ourense, e restituíndo das súas funcións e plenos poderes á Dirección do centro.
 - 3.3 Fomentar a participación das asociacións e colectivos xuvenís, para a identificación de necesidades, a planificación de accións e campañas, a participación e co-xestión en programas, ou a coordinación e dinamización deste espazo.
 - 3.4 Relocalizar o Punto de Encontro Familiar nun emprazamento máis idóneo.
 - 3.5 Reactivar o Consello de Xestión coa restitución das súas funcións coestoras dentro da Casa da Xuventude.
 - 3.6 Cambiar a denominación desta entidade pola de “Casa de Benito Losada”.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 18:19
Nº Rexistro: 30188
Data envío: 27/04/2018 18:19:25.281



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/04/2018 17:50:42

Raúl Fernández Fernández na data 27/04/2018 17:50:48

Julio Torrado Quintela na data 27/04/2018 17:50:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/04/2018 17:51:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 30397(10/PNC-002447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei xeral da Seguridade Social co fin de considerar en situación de incapacidade permanente as persoas diagnosticadas de carcinoma ou de calquera outra enfermidade grave, así como o recoñecemento do dereito das persoas beneficiaras á reserva do posto de traballo

Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 30397
Data envío: 03/05/2018 17:16:34.688

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á situación de incapacidade permanente de persoas con diagnóstico de enfermidade grave.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social mantivo a redacción existente relativa sobre a incapacidade permanente. Deste xeito, o artigo 194 do texto refundido da Lei Xeral de Seguridade Social, nomeadamente dos apartados 2 e 3 quedaron redactados do seguinte xeito:

“2. A cualificación da incapacidade permanente nos seus distintos grados determinarase en función da porcentaxe de redución da capacidade de traballo que se estableza regulamentariamente.

A efectos da determinación do grado de a incapacidade, terase en conta a incidencia da redución da capacidade de traballo no desenvolvemento da profesión que exercía o interesado ou do grupo profesional, en que aquela estaba encadrada, antes de producirse o feito causante da incapacidade permanente.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 30397
Data envío: 03/05/2018 17:16:34.688

3. A lista de enfermidades, a valoración das mesmas, a efectos da redución da capacidade de traballo, e a determinación dos distintos grados de incapacidade, así como o réxime de incompatibilidades dos mesmos, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario polo Goberno, previo informe do Consello Xeral do Instituto Nacional da Seguridade Social.”

Desde o ano 1997 este precepto non foi obxecto de desenvolvemento regulamentario, o cal constitúe unha das tarefas pendentes de abordar máis importantes que competen ao Goberno en materia de Seguridade Social. Por conseguinte, a cualificación da incapacidade permanente constitúe, como foi tradicionalmente, unha cuestión deferida a criterios valorativos do Equipo de Valoración de Incapacidades, que fai o ditame-proposta previo a cualificación da Dirección Provincial do INSS, coas conseguintes competencias xurisdicionais dos Xulgados do Social, así mesmo guiadas por criterios valorativos.

Esta circunstancia propicia unha importante incerteza por parte das persoas solicitantes de prestacións de incapacidade permanente, a respecto das cales prodúcese unha cualificación de oficio. A cuestión resulta en especial desfavorábel para as persoas que padecen enfermidades graves, como por exemplo as derivadas de carcinomas ou patoloxías similares, para as cales, ás propias inseguridades derivadas da súa situación clínica e á posición vulnerábel que sofren ante o mercado de traballo, únese unha forte inseguridade á luz da cualificación da súa capacidade laboral que poida efectuar o organismo competente da Seguridade Social. A variedade de situacións que se produciron respecto diso pon de manifesto unha situación que debe cualificarse, cando menos, como discutíbel.

As persoas con estas enfermidades, cuxa curación e recuperación proxéctase a medio ou longo prazo, afrontan grandes dificultades para manter o seu vínculo co



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 30397

Data envío: 03/05/2018 17:16:34.688

mercado de traballo. Cando esgotan a prestación de incapacidade temporal, sexa ou non tralas oportunas prórrogas, son cualificadas ou non como incapacitadas permanentes, e manteñen un vínculo profesional debilitado que en non poucas ocasións finaliza con extincións derivadas da súa enfermidade.

Maior desprotección sofren quen se atopan en situación de desemprego, protexido ou non, cando se lles diagnostica a enfermidade. En tales casos, cando non hai situación asimilada á alta a efectos da prestación por incapacidade temporal, vense abocados, no mellor dos casos, ao desemprego asistencial e a unha perspectiva de inseguridade vital cando non están restablecidos da súa doenza.

Por todas estas cuestións, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que realice as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social co obxectivo de:

- Considerar en situación de incapacidade permanente -co conseguinte mantemento de dereitos e prestacións económicas que se derivan desta situación- unha vez que esgote o prazo máximo de duración de a incapacidade temporal, a toda persoa que sexa diagnosticada de un carcinoma ou calquera outra enfermidade grave.
- Que se manteña esta cualificación ata que se produza unha curación presumiblemente definitiva, entendéndose por tal a situación en a que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 30397
Data envío: 03/05/2018 17:16:34.688

as revisións médicas derivadas de devandita enfermidade se prolongue cando menos en espazos de seis meses.

- Que a cualificación de incapacidade permanente nestes caos implique o dereito do beneficiario á reserva de posto de traballo.”

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2018 16:50:14

Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2018 16:50:18



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 30397
Data envío: 03/05/2018 17:16:34.688

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/05/2018 16:50:19

Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2018 16:50:21

Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2018 16:50:22

Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2018 16:50:24

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 30783(10/PNC-002478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 17:12
Nº Rexistro: 30783
Data envío: 09/05/2018 17:12:34.560

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte sanitario terrestre é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

O Sergas sacou a concurso e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre, no que as empresas presentaron ofertas á baixa. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutiría nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

Os temores estanse a verificar en feitos, estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á calidade asistencial.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 17:12
Nº Rexistro: 30783

Data envío: 09/05/2018 17:12:34.560

As empresas concesionarias do servizo pretenden que sexan @s traballadores/as @s as que carguen cos custe. Alegan que os orzamentos dos contratos non lles dan para cubrir os gastos do servizo e, aproveitándose das facilidades introducidas polas reformas laborais, propoñen rebaixas nas condicións laborais e salariais, mesmo teñen solicitado unha inaplicación do convenio que contempla un aumento de horas de traballo, a rebaixa das melloras sociais e unha redución salarial. Xa se ten producido o empeoramento das condicións laborais no que ten que ver co aumento de horas e o incremento, de entre un 10 e un 20%, da carga de traballo a consecuencia do incremento paralelo dos servizos que ten que atender o 061 tanto urxentes como non urxentes, aumentou o número de servizos, pero non os cadros de persoal. As traballadoras e traballadores son quen sofren as consecuencias.

A patronal do sector está a bloquear calquera posibilidade de negociación e incluso ameaza con despedimentos se os traballadores non aceptan as condicións que propoñen, polo que a Confederación Intersindical Galega ten convocada folga no sector.

Os incumprimentos danse por parte das empresas adxudicatarias, mais a responsabilidade desta situación tamén é da propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 17:12
Nº Rexistro: 30783
Data envío: 09/05/2018 17:12:34.560

Levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adxudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as.

Que garanta os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre.

Que exerza a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.

Rectificar a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, nos concursos para a adxudicación do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as.”

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 17:12
Nº Rexistro: 30783
Data envío: 09/05/2018 17:12:34.560

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2018 17:05:50

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2018 17:05:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2018 17:05:57

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2018 17:05:58

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2018 17:05:59

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2018 17:06:00

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 32598(10/PNC-002665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa publicación das resolucións de concursos relativos a persoal da Consellería de Sanidade, e os datos referidos á reserva de prazas para as persoas con discapacidade

Publicación da iniciativa, 329, 29.06.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A publicación de datos das persoas participantes en concursos públicos do Sistema Galego de Saúde inclúe, de maneira específica, a referencia aos que concursan pola vía libre e aos que o fan pola vía reservada ás persoas con algún tipo de discapacidade. A garantía de cobertura de todas as prazas conforme á lexislación vixente non debera ser unha imposición para evitar a garantía de salvagardar a protección de datos e a privacidade deles, incluso nestas circunstancias concretas.

Evitar a diferenciación debida a cuestións non de carácter puramente laboral, que é a cuestión que se trata nestes concursos e resolucións, pode entrar en choque con cuestións de confidencialidade e privacidade, e non favorecer outras consecuencias de tratamento.

É posible garantir igualmente a publicidade dos datos sobre a reserva de prazas e o respecto necesario e imprescindible aos números e porcentaxes en cada convocatoria. Para elo pódese evitar a publicidade de nomes concretos, e buscar outras alternativas como se fai noutro tipo de convocatorias, ou nos mesmos procedementos noutras administracións ou na mesma administración pero noutros departamentos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar novos métodos de publicacións das resolucións de concursos relativos a persoal da



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 10:28
Nº Rexistro: 32598
Data envío: 20/06/2018 10:28:33.178



Grupo Parlamentario

Consellería de Sanidade, que permita identificar datos relativos ao cumprimento da normativa sobre reserva de prazas para as persoas con discapacidade, pero garanta a confidencialidade e privacidade das persoas concursantes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2018 10:24:18

Noela Blanco Rodríguez na data 20/06/2018 10:24:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/06/2018 10:24:28

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 32798(10/PNC-002681)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a garantía polo Goberno galego do acceso á Tarxeta Benvida para todas as persoas inmigrantes residentes en Galicia en situación de irregularidade administrativa que cumpran os requisitos establecidos para ese fin na orde que regula esas axudas



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32798
Data envío: 25/06/2018 18:59:25.735



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Tarxeta Benvida é unha axuda económica ás familias con renda inferior a 45.000 € anuais, consistente en 100 € ao mes, destinada a “contribuír ao pagamento dos gastos realizados no primeiro ano de vida do neno ou nena”, así como durante os tres primeiros anos no caso das familias con renda igual ou inferior aos 22.000 €.

Na Orde que regula estas axudas para o ano 2018 (publicada no DOG o venres, 29 de decembro de 2017), regúlase as persoas beneficiarias, no artigo 3:

“Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas residentes na Comunidade

Autónoma de Galicia que se encontran nun dos seguintes supostos:

- a) Ter fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nadas/os entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.
- b) Estar en situación de garda con fins adoptivos dun ou máis nenos/as nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.



2. Tamén se poderán beneficiar da axuda as galegas e os galegos e os seus descendentes que se encontren en calquera dos dous supostos anteriores e, tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2018.

Coa Tarxeta Benvida poden mercarse “produtos básicos para o neno ou nena como, entre outros, leite e outros alimentos infantís, cueiros, produtos de hixiene infantil ou produtos farmacéuticos”. Así mesmo, a tarxeta “poderá ser utilizada soamente en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia”.

As persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa non poden acceder á tarxeta benvida, pese a ter este colectivo máis dificultades para o acceso a produtos básicos para a infancia que o resto da poboación.

As persoas migrantes en situación irregular cumpren o requisito de residencia en Galicia, pero non poden acceder á axuda por ausencia de DNI ou NIE.

Coa falta de acceso á Tarxeta Benvida por parte de persoas migrantes estase a vulnerar o principio da Convención dos Dereitos da Infancia segundo o cal todos os nenos e nenas nacen iguais en dereitos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a garantir o acceso á Tarxeta Benvida por parte de todas as persoas migrantes residentes en Galicia en situación de irregularidade administrativa que cumpran os requisitos de acceso a dita axuda.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32798
Data envío: 25/06/2018 18:59:25.735



Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 25/06/2018 18:54:22

Luis Villares Naveira na data 25/06/2018 18:54:30